



## MOCIÓN

---

### **AMPLIACIÓN DO ÁMBITO DE INFORMACIÓN NAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS, APRICANDO PRINCIPIOS DE BOAS PRÁCTICAS NA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

A ordenación urbanística deste Concello rexese polo Plano Xeral de Ordenación Municipal aprobado o día 4 de febreiro do 2000.

Segundo establece a **Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia** coas modificacións da Lei 15/2004, do 29 de decembro, os Planos Xerais poden verse modificados na súa ordenación producíndose a revisión ou modificación dalgún ou algúns dos elementos que o constitúen, de igual xeito que existen diversos instrumentos urbanísticos previstos para o desenvolvemento destes Planos Xerais como son os planos parciais, planos especiais, planos de sectorización e estudos de detalle que ben poden ser formulados polos concellos así como, entre outros, por particulares lexitimados para elo.

A citada Lei establece un procedemento para a tramitación destes instrumentos de planeamento sinalando para o caso dos planos parciais, planos especiais e de sectorización que unha vez aprobados inicialmente someteranse á información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous xornais de maior difusión na provincia. Ao mesmo tempo, **notificaráselles individualmente a todos os propietarios dos terreos afectados**. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación aos titulares que figuren no catastro.

No caso de presentarse un estudio de detalle, o Texto Legal reduce o trámite de información pública á inserción dun anuncio no DOGA e nun dos xornais de maior circulación na provincia.

Sen poñer en dúbida o cumprimento da legalidade por parte da Administración Local, en concreto, no que se refire ao trámite de información pública, tamén é certo que a práctica diaria é ben distinta, e que ese trámite cumpre cunha función máis ben procedimental, xa que son moitos os cidadáns que descoñecen na maioría das ocasións o que se está a levar a cabo dende o punto de vista urbanístico nas proximidades dos seus fogares ou das súas propiedades. Incluso en moitas ocasións, e pese á súa publicación nos xornais resulta imposible saber a qué lugar afectan toda vez que a nomenclatura que se utiliza é pouco ou nada aclaratoria neste senso.

Resulta evidente que resolver esta situación de falla de información pasaría por unha interpretación máis ampla da lei, concretamente no que se refire ao concepto de *afectado ou interesado polo ámbito sobre o que se actúa*, estendendo a boa práctica da información tamén aos propietarios máis achegados e, sobre todo, aos veciños e veciñas estremeiros sen esquecer aos representantes veciñais dos lugares aos que pertenza o ámbito de actuación, dando cumprimento a un trámite de información que deste xeito pasaría a ser máis eficaz e transparente; resolvendo, deste xeito, as dúbidas e a falla de seguridade xurídica que moitas veces xorden perante este tipo de actuacións.

É por elo que, o Grupo Municipal do BNG propón que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte ACORDO:

**Establecer que, como xeito de aplicar un procedemento de boas prácticas na participación cidadá, no trámite de información pública que preceptivamente ha de cumprirse na tramitación do planeamento de desenvolvemento urbanístico (PLANOS PARCIAIS, PLANOS ESPECIAIS, PLANOS DE SECTORIZACIÓN, E NOS ESTUDIOS DE DETALLE) esta información efectuarase co alcance máis extenso que sexa posible, coa finalidade de permitir que tanto os propietarios máis achegados, as veciñas e veciños estremeiros aos ámbitos de actuación así como os seus representantes veciñais teñan do mesmo xeito coñecemento do desenvolvemento urbanístico que se está a tramitar nese ámbito, garantindo así o cumprimento dunha información pública máis eficaz e transparente.**

Vilagarcía, 21 de novembro de 2006

Xosé Castro Ratón

---

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA